

7

**EDUCACIÓN E
DEBATES SOCIAIS**

VII.1. O DEBATE SOBRE A XORNADA ESCOLAR

1.1. Dos procesos normativos á implantación.

Nos anos centrais da década dos oitenta xorde na dinámica institucional dos centros educativos de Ensino Básico un debate que adquire, xa desde os seus inicios, alcance público. O seu tema concerne ó binomio que se establece sobre as modalidades de xornada lectiva que son coñecidas baixo ás denominacións de "única ou continua", dunha banda, e "dobre ou partida", doutra.

No debate, suscitado en termos dunha controversia sobre a que de xeito progresivo se solicita unha toma de postura por parte da Administración Educativa e das comunidades escolares, subxace a expectativa de proceder a modifica-la organización da xornada escolar tradicionalmente adoptada no sistema educativo.

En todo caso, trátase dun dilema (*única* versus *partida*) no que á uniformidade da xornada tradicional contraponese unha uniformidade similar na xornada alternativa, obviando os trazos diferenciais que conlevan os tempos escolares para alumnos, profesores e centros. Neste sentido, áinda que se empreguen argumentos que apelan á mellora da calidade do ensino, ponse en evidencia que estamos diante dunha reivindicación con consecuencias visibles e inmediatas de carácter laboral, organizativo e social. Entre outras: modificación dos horarios nos que traballan os mestres, momento no que os alumnos acceden e abandonan o recinto escolar, distribución das sesións de clase e recreos, adopción de novas pautas de vida familiar, participación dos alumnos en iniciativas extracurriculares, etc.

En Galicia, o debate iníciase a partir das peticións de implantación da xornada única que realizan nos primeiros anos oitenta profesores que exercen a súa docencia en centros localizados nas cidades de Vigo e A Coruña. Constituídos como grupos abertos nos que se implican cadros directivos e mestres da escola pública sitúan a súa aspiración en implanta-la nova modalidade horaria nos seus respectivos colexios.

As súas demandas serán asumidas pola maioría dos Sindicatos do Ensino, que comenzan a pronunciarse con breves posicionamentos que van desde a ambigüidade ata a firme defensa do cambio. Simultaneamente, a Confederación Galega de APAs dos centros públicos expresaría o seu parecer, cuestionando a implantación desta xornada baixo as circunstancias nas que se intentaba levala a cabo. Para isto, aluden a problemáticas relativas á programación do ensino, ó rendemento académico, ó desenvolvemento das actividades extraescolares, ás repercusións na saúde infantil, na desigualdade de oportunidades educacionais, etc., co trasfondo da defensa dunha escola pública de calidade.

No seu conxunto, son dimensións ou aspectos dunha problemática para a que os profesores e mesmo algúns colectivos de pais consideraban que a nova modalidade de xornada achegaba solucións sen precedentes na escola galega: pola énfase e argumentos expostos na defensa desta modalidade de xornada lectiva semellaba que coa súa adopción quedarían resoltos senón todos si unha boa parte dos problemas que afectan ó ensino e ó sistema educativo galego.

Diantre da situación, a Dirección Xeral de Ensino Básico da Xunta de Galicia, acordou mediante unha circular do 19 de agosto de 1987 e unha resolución do 8 de xullo de 1988 (DOG do 11 de agosto), relativas ás instruccións que deberían guia-lo funcionamento dos centros de Educación Preescolar e de Ensino Xeral Básico para os cursos 1987/88 e 1988/89, que poderá ser autorizada -de xeito experi-

mental- a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros que, previa solicitude, cumpriran unhas determinadas condicións. Con carácter preceptivo eran as seguintes:

- a) Acordo favorable do Consello Escolar por mayoría de dous tercios do número legal dos seus membros.
- b) Acordo favorable do Claustro de Profesores por mayoría de dous tercios dos seus integrantes; cuestión que presentada nestes termos supón unha modificación introducida na última Resolución en relación coa circular de agosto de 1987, na que só se aludía á constancia da "opinión favorable".
- c) Informe das Asociacións de Pais de Alumnos (APAs), legalmente constituídas no centro. Este informe enténdese como vinculante na circular de 1987 ó explicitarse que debería ser favorable, mentres que na resolución de 1988 carece desta condición. Esta circunstancia provocaría certa polémica nas APAs pola situación contradictoria na que se atoparon: sen que a súa opinión fose determinante na implantación da xornada única veríanse, non obstante, obrigadas a colaborar na organización e desenvolvemento das actividades extraescolares.
- d) Acordo favorable dos dous tercios do total do censo dos pais ou titores dos alumnos, especificando a circular de agosto de 1987 a necesidade de achegar certificación acreditativa da consulta individualizada a tan só un dos pais.

A resolución de 8 de xullo de 1988 engade a este último apartado unha nova condición, non contemplada no ano anterior: referida a que cando o número total de votantes non alcanzara os dous tercios -enténdese que de votos favorables- do total do censo, debería repetirse a votación trascorridas 48 horas, sendo suficiente para este caso conseguir los dous tercios de votos favorables, pero do total de participantes na votación.

Aínda que, como se sinalou, a normativa correspondente ó ano 1988 avanza na clarificación dos requisitos que farían válidos os resultados da votación dos pais e titores dos alumnos, constátanse reiteradamente as súas insuficiencias segundo se deduce das reclamacións e recursos interpostos por diversos centros escolares diante da Administración Educativa.

Entre outras, as razóns que inducen a efectua-las referidas reclamacións aluden basicamente á confusión que se suscita entre "quorum" de validación da votación (2/3 de votantes) e "quorum" de decisión (2/3 de votos favorables), así como ó feito de que se esixa a opinión favorable dos dous tercios para recoñecer como válida a votación. Asemade en ámbalas dúas Resolucións engádese a necesidade de que os centros dependentes da Xunta de Promoción Educativa achegaran o seu informe favorable.

Satisfeitas as condicións sinaladas, os centros interesados deberían dirixir, no mes de setembro e a través da súa Dirección, unha solicitude ó Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordeñación Universitaria na que farían consta-los seguintes datos: denominación do centro; domicilio; niveis e modalidades educativas que nel se imparten, o número de alumnos escolarizados; número de alumnos transportados; horario proposto, sen que se poida reduci-lo número de horas lectivas establecidas; e, como novidade, un Proxecto Pedagóxico Didáctico.

Precisamente neste Proxecto, ademais dos aspectos pedagóxico-didácticos de índole curricular, deberían incluírse as actividades extraescolares que o centro prevía desenvolver pola tarde, así coma o modo en que colaborarían as Asociacións de Pais de Alumnos e outras Institucións e Organismos.

Pola súa trascendencia en relación coa implantación da xornada única de mañá, tódalas cuestións referidas a este tipo de actividades suscitarán diversos interrogantes nos colectivos más directamente afectados pola súa organización e desenvolvemento, profesores e pais.

O proxecto, unha vez elaborado, debería presentarse (previamente ás votacións) a tódalas instancias interesadas: Asociacións de Pais de Alumnos, Claustro de Profesores e Consello Escolar. Con iso estimábase que os distintos colectivos, informados con anterioridade, poderían matizar suficientemente as súas opcións de cara á pertinente toma de decisións.

A estos requisitos a circular do 18 de xullo de 1988 engadía que sería preciso remiti-las actas das votacións efectuadas en cada un dos sectores consultados: Consello Escolar, Claustro de Profesores, APAs e pais e titores, sendo o voto, en todo caso, directo, secreto e non delegable. Diferencias substanciais respecto do ano anterior, no que únicamente se precisaba que as solicitudes deberían acompañarse dos documentos que acreditaran o cumprimento das condicións esixidas, eludindo calquera referencia ó carácter que debería te-lo voto emitido.

Ás Delegacións Provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en función dos requisitos expostos, das circunstancias e características que concorren en cada centro, competía a responsabilidade de elevar á Dirección Xeral de Educación Básica as propostas adoptadas, valorando a tal fin as repercusións funcionais, pedagóxicas e sociais que se derivaban da modificación solicitada en cada centro (implantación experimental da xornada lectiva en sesión única de mañá). Acompañáranse informes do Servicio de Inspección e, no seu caso, das Unidades de Servicios Educativos Complementarios.

Estudiadas as solicitudes nos órganos competentes, as autorizacións respecto da experimentación deste tipo de xornada concedéronse, inicialmente, polo período dun curso académico. En conxunto, para o curso 1987-88 aprobárase a implantación nun total de 35 centros, dos cales 18 correspondían á provincia da Coruña e 17 á de Pontevedra.

Pola contra, foron denegadas solicitudes correspondentes a máis de vinte centros, aducindo razóns diversas: falta de instalacións para actividades, inexistencia de acordo nalgún dos sectores, etc.

No curso académico 1988-89, co acceso de máis centros á experimentación, os colexios que gozan da xornada lectiva en sesión única de mañá chegan a ser 80, todos eles situados nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Hai que salientar que para este curso académico denegáranse, en primeira instancia, un total de 24 solicitudes (21 na provincia da Coruña e 3 na de Pontevedra); algunhas delas, tras oportunas reclamacións, conseguirían ser informadas favorablemente pola Administración Educativa, accedendo á experimentación. A táboa VII.1 recolle o número de centros escolares que, con carácter definitivo, experimentaron a xornada lectiva de sesión única de mañá desde o curso 1988-89 ata o de 1991-92, clasificados tamén en función da súa distribución provincial e da súa tipoloxía. Pola súa parte, a táboa VII.2 ofrece os datos básicos dos 80 centros que no curso 1988-89 experimentaban a xornada continua, concretamente no que se refire ás magnitudes absolutas en número de profesores implicados, alumnos e pais de alumnos.

Para estes centros, unha vez rematado o período de experimentación correspondente a cada curso escolar, foi preceptivo remitir, ás Delegacións Provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e nas últimas datas do mes de xuño, unha memoria avaliadora, por duplicado, dos resultados da implantación de dita xornada; unha das cales debería ser enviada pola Delegación Provincial á Dirección Xeral de Educación Básica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En relación con esta memoria debe salientarse a inexistencia, ata o curso 1990/91, de pautas ou directrices que permitiran a súa elaboración con criterios homoxéneos por parte de tódolos centros. Esta carencia tradúcese nunha gran diversidade no contido, aspectos formais, estrutura, etc. das memorias presentadas, carentes moitas delas dos requisitos mínimos esixibles en termos de rigor e calidade. As pautas que se establecen para o curso escolar 1990/91 e 1991/92 foron suxeridas polo Equipo Investigador constituído no Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Para os cursos posteriores, este tipo de criterios deixaron de explicitarse, polo que a xornada única perdeu parte da especificidade que se pretendía, polo menos no tocante á programación do seu desenvolvemento en cada centro que a tiña concedida.

TÁBOA VII.1

**CENTROS QUE EXPERIMENTAN A XORNADA ÚNICA EN GALICIA
(DENDE O CURSO 1988/89 ATA O CURSO 1992/93)**

Provincia	Centros privados	Escolas unitarias	Centros incompletos	Centros completos	Total
A CORUÑA	3	4	2	28	37
PONTEVEDRA	3	10	6	24	43
TOTAL	3	14	8	52	80

FONTE: Caride, J.A. (Dir.): *A xornada escolar de sesión única en Galicia*. Xunta de Galicia, p. 21

TÁBOA VII.2

**ALUMNOS, PAIS E PROFESORES IMPLICADOS NA
EXPERIMENTACIÓN DA XORNADA ÚNICA**

Provincia		Alumnos	Profesores	Pais
A CORUÑA	Privados	1.928	5	1.308
	Públicos	15.942	686	11.971
PONTEVEDRA	Privados	1.722	64	1.077
	Públicos	3.830	637	9.202
TOTAL		33.422	1.446	23.558

FONTE: Caride, J.A. (Dir.): *A xornada escolar de sesión única en Galicia*. Xunta de Galicia, p. 22

Debe salientarse que en tódalas Resoluciones adoptadas respecto da organización do curso escolar (1989/90, 1990/91, 1991/92), no apartado IV ou V ("Xornada Escolar") faise mención ó asinamento deste convenio de cooperación entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago, para o "estudio e avaliación da xornada lectiva en sesión única implantada, con carácter experimental, nalgúns centros da Comunidade Autónoma". No mesmo apartado exprésase literalmente que "ata que non se finalice cos mesmos -normativa curso 1989/90- ou con eles -normativa curso 1990/91- e se poidan adopta-las decisións consecuentes cos resultados obtidos a partir do devandito estudio de avaliación, non procede autoriza-la implantación deste tipo de organización da xornada escolar en máis centros, agás que a Dirección Xeral de Educación Básica, por proposta do equipo investigador, considere oportuna a ampliación da mostra obxecto de estudio e avaliación". Nas mesmas normativas sinalárase que "os centros que teñen xa autorizada a xornada lectiva en sesión única de mañá continuarán con ela, a non ser que os resultados parciais do estudio e avaliación aconsellen suspender esa experimentación".

Neste mesmo marco de actuacións, o apartado 5.2 da Disposición que regulamenta o curso escolar 1991/92 alude á xornada lectiva en sesión única. Considerando "que o estudio e avaliación da xornada lectiva en sesión única, implantada, con carácter experimental, nalgúns centros da Comunidade Autónoma, que vén realizando a Universidade de Santiago de Compostela en convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, non estará rematado ata o 31 de decembro de 1991, o que non permite de momento adopta-las decisións consecuentes cos resultados do devandito estudio e avaliación, no curso 1991-92 non se autorizará a implantación deste tipo de organización da xornada escolar en máis centros... Os colexios que teñen xa autorizada a xornada lectiva en sesión única de mañá continuarán con ela no citado curso 1991/92".

Estas previsións regulamentarias, no que se refire á implantación da xornada continua en máis centros, veranse alteradas pola decisión da Dirección Xeral de Ensino Básico ó conceder esta modalidade horaria a un número indeterminado de centros escolares do concello da Coruña e da provincia de Pontevedra, unha vez iniciado o curso académico e sen que mediase consulta ou opinión do equipo investigador denantes aludido.

O informe final do proceso de avaliación da experimentación da xornada escolar de sesión única de mañá en Galicia foi entregado polo equipo investigador á Dirección Xeral de Ensino Básico da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en marzo de 1.992.

Desde ese momento e ata mediados do ano 1993, a polémica sobre o tipo de xornada escolar foi alcanzando unha maior relevancia social. Un número crecente de axentes da comunidade educativa e de instancias sociais expresaron argumentos, moitas veces contradictorios, a favor ou en contra dunha ou outra modalidade; en xeral, todos coincidindo en demandar da Administración Autonómica a promulgación dunha normativa que regulase de xeito definitivo esta cuestión. Como contribución relevante neste período cabe cita-lo dictame que sobre o proxecto de resolución sobre a xornada única elaborado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria emitiu o Pleno do Consello Escolar de Galicia trala sesión celebrada o día 1 de abril de 1993, no que se inclúen diversos votos particulares. Finalmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promulgou a Orde de 13 de abril de 1993 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de Educación Infantil, Educación Primaria, e Educación Xeral Básica (DOG, 23 de abril de 1993).

1.2. Análise das condicións da experimentación.

No que atinxe á implantación experimental da xornada única en Galicia, cabe poñer de relevo que segundo se concluía no informe presentado polo equipo avaliador constituído no Instituto de Ciencias da Educación, fora promovida baixo condicións do que comunmente se denomina unha "innovación a cegas". Isto é, compartindo moitos dos procesos e secuencias que identifican ás innovacións, áinda que sen satisface-los criterios propios dunha experimentación senso estricto, nin tampouco os dun cambio educativo planificado. Por exemplo:

- a) prodúcese unha difusión da experiencia ampla e aceleradamente entre colexios de índole diversa, áinda cando se faga atendendo a criterios de concesión formulados regulamentariamente.
- b) a normativa sobre o acceso á experimentación modifícase en pequenos intervalos temporais (ano a ano), xerando confusións e certa precipitación na tramitación de solicitudes e na cumprimentación dos requisitos formais.
- c) carece explicitamente de finalidades educativas, áinda que implicitamente se contemplan e son empregadas como xustificación finalística. De feito se se tratase dun cambio netamente educativo requiriría dunha maior reflexión e valoración do mesmo, de fins e medios, de métodos e estratexias educativas, o que inicialmemte non chegou a suceder.
- d) as expectativas que produce provocan que se estanke a situación mentres non se avalíen os seus posibles efectos. Polo de pronto -como xa se adiantaba- considerouse a situación como "experimental" sen establecer ningún plano de innovación nin requerir unha avaliação global do conxunto da experimentación.

En síntese, as medidas dictadas pola Administración Autonómica en 1987 e en 1988 limitáronse a introducir un elemento relativamente novedoso na organización dos centros escolares: a posibilidade de adoptar horarios continuos nun número determinado de centros. O que, dalgunha maneira suporía situa-la normativa legal ó nivel das demandas dos sectores que desexaban acceder á xornada única, maiormente localizados nas principais cidades galegas. Certamente, a distribución xeográfico-social da

implantación experimental da xornada única en Galicia é tamén reveladora ó concentrarse exclusivamente nas provincias que conforman o chamado "corredor atlántico": quince dos dezoito concellos con centros en xornada continuada atópanse nestas zonas que se poden considerar como a Galicia urbana, más avanzada, con maior renda per cápita, mellores infraestructuras e servicios.

Neste sentido, unha análise detida sobre as realidades sociais nas que se inscriben a maioria dos centros que experimentan en Galicia a xornada única permite destaca-los seguintes trazos:

- 1) Entidades poboacionais de elevado tamaño demográfico, cunha estructura funcional e social diversificada, que son por natureza receptoras das migracións rexionais (Vigo e A Coruña).
- 2) Unha dotación de infraestructura e de equipamentos suficiente en termos xerais, para satisfacer necesidades e demandas de amplos sectores da poboación, se ben cun desigual acceso ós mesmos por parte dos distintos estamentos sociais.
- 3) Existencia de servicios administrativos e de institucións públicas con capacidade de xestión dos problemas e iniciativas que afectan ós cidadáns, ben pola incidencia das Administracións Central e Autonómica, ben e sobre todo pola dinámica da Administración Local.
- 4) Sistema económico básico sustentando no proceso de industrialización, no auxe do sector da construción, e no desenvolvemento continuado da terciarización. En calquera caso trátase dunha economía diversificada con predominio dunha estructura ocupacional na que é característica a elevada proporción de asalariados, cuestión que se pode entender directamente relacionada coas modificacións que se demandan nos horarios escolares.
- 5) Niveis de renda familiar dispoñible por persoa, claramente superiores á media galega, o que lles dá ós individuos -a priori- un acceso máis doado ós elementos de benestar e calidade de vida.
- 6) Unha mentalidade social cada vez máis vinculada a procesos de autonomía persoal e grupal nos que desempeñan un importante papel as pautas de socialización da familia nuclear.

1.3. Caracterización institucional dos centros.

Os centros que tiveron concedida a implantación experimental da xornada lectiva de sesión única entre 1988 e 1993, distribúense en dez dos corenta e sete distritos educativos da Comunidade Autónoma Galega. En total comprenden dezanove concellos dos trescentos trece galegos, sitos exclusivamente nas provincias da Coruña e Pontevedra.

En consecuencia, a implantación experimental da xornada lectiva de sesión única tivo unha localización limitada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cunhas magnitudes (en centros, alumnos, profesores, pais afectados...) cuantitativamente pouco relevantes dentro da estructura do sistema educativo galego. O que non impide situar a Galicia, xunto coas Comunidades Autónomas de Andalucía e Canarias, na vanguarda das que promoveron a implantación desta modalidade horaria na xeografía española.

En canto á tipoloxía dos centros cabe sinalar que 58 deles son completos (72,5 %), oito deles incompletos (10,0 %) e os 14 restantes (17,5 %) son escolas unitarias (véxase táboa 1). Centros maioritariamente de titularidade pública: no 93 por cento dos casos.

Entre os centros chamados completos, que imparten todo o ensino básico, hai un exclusivamente dedicado á Educación Especial, o Colexio Público de Xordos "Nosa Señora do Rosario" na Coruña.

As magnitudes de escolarización (volume de alumnos matriculados) poñen de relevo unha combinación de centros con baixos índices de matrícula con outros de media e alta matrículación, se ben predominan estes últimos.

Finalmente hai que expresar que, na distribución territorial destes centros, a maior incidencia en canto ó número de profesores e alumnos implicados rexístrase nos concellos da Coruña, Vigo, Pontevedra, Ferrol e Redondela; e a máis escasa nos concellos de Negreira, Ponte Caldelas, Culleredo e Ponteareas.

Debe anotarse que, segundo os datos que constan para os Distritos Educativos ós que pertenecen o conxunto de concellos que tiveron algúin centro experimentando a xornada única, os servicios complementarios (comedor e transportes escolares) son significativamente menores que a media galega. Variable a ter más en conta nas cidades da Coruña, Vigo, Pontevedra e Ferrol.

1.4. Un punto de chegada: Curso 1993/94.

A partir da promulgación da Orde do 13 de abril de 1993 (DOG do 23), establecendo o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única en Galicia nos centros de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Xeral Básica, segundo datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, existe constancia de que accederon á implantación desta modalidade de xornada lectiva aproximadamente 120 centros públicos e 11 centros privados, distribuídos case na súa totalidade nas provincias da Coruña e Pontevedra. Foron denegadas as solicitudes de implantación en máis de setenta centros, ben por non alcanza-las porcentaxes de participación ou de apoio da comunidade educativa nas cantidades requiridas na Orde, ben por razóns de "distancia" (transporte escolar).

En relación coa implantación da xornada lectiva en sesión única, o Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación a que se poñan en práctica co maior empeño os mecanismos de seguimento e avaliación que a propia normativa prevé para os centros autorizados a implantala referida xornada. Con independencia do que este labor poida implicar na realidade docente dos correspondentes centros tamén podería contribuir a que se faga cada vez más luz sobre un tan controvertido tema.

O Consello Escolar de Galicia considera necesario un acordo social sobre o horario e o calendario escolar, en base ás seguintes consideracións:

- 1. A definición do número de horas lectivas anuais e reais en cada nivel educativo.**
- 2. A inclusión no tempo formativo, das horas lectivas, as horas de actividades culturais e deportivas (extraescolares), as horas de estudio ou recuperación cando proceda.**
- 3. O espallamento dos servicios de comedor, cofinanciado cando non sexa imprescindible.**
- 4. A posibilidade para os Consellos escolares de modificar algunas datas substituíndoas por outras, sen prexuízo de manter-lo cómputo anual global.**
- 5. A transformación paulatina dos centros escolares en centros académicos, de lecer e cultura simultaneamente, integrando actividades da comunidade e facendo deles centros de referencia para o seu contorno.**

A Consellería de Educación deberíase implicar máis no seguimento das actividades complementarias e extraescolares, habilitando de ser precisos, os fondos presupuestarios que garantan que non existan discriminacións dos alumnos, por razóns económicas, para acceder a estas actividades.

VII.2. A EDUCACIÓN NO MEDIO RURAL

2.1. Aproximación a unha problemática educativa

Galicia, situada xeograficamente no extremo máis occidental de Europa, cunha extensión territorial de 29.434 km. cadrados, conformouse historicamente como un espacio social con entidade e identidade nacional diferenciada.

Na súa caracterización, e desde unha perspectiva estructural, son esencialmente condicións de ruralización (ordenación territorial, composición do hábitat, civilización campesiña, elevada ocupación agropecuaria, etc.) as que definen o pasado da súa biografía colectiva.

O rural como posibilidade e límite dunha realidade destinada a confrontarse co desenvolvemento desigual do propio país e os que constitúen as súas fronteiras: España, Portugal, Europa... O rural tamén como soporte, entre outros, dun sistema social conformado a base de dualidades e desequilibrios permanentes: interior-costa, aldea-cidade, sumiso-rebelde, relixioso-profano, etc.

Aínda que ó longo do presente século, sobre todo na década dos anos vinte e desde 1970, se intentasen rectifica-los seus desaxustes, o certo é que só no pasado recente, e en determinados niveis, os esforzos realizados permiten constatar unha relativa superación dos problemas de dependencia, marxinación, illamento, subdesenvolvimento e atraso crónico, postos de relevo na análise socio-económica das súas realidades, con índices agregados de benestar individual, familiar e colectivo moi inferiores nas zonas rurais ás medias galega e española.

En xeral, son problemas que teñen a súa orixe nas condicións que definen un modo de vida e un modelo de sociedade no que predominan os trazos más xenuínos das denominadas civilizacións campesiñas. Entre outros:

- Forte vinculación á terra e á paisaxe, cun 32,7 por cento da poboación activa ocupada no sector primario para o conxunto galego, fronte ó 11,8 por cento da media estatal (referencia do ano 1992). Nalgúnsas zonas, a porcentaxe de ocupación na agricultura chega a situarse arredor do 75 por cento, fundamentalmente no interior que delimitan as provincias de Lugo e Ourense.
- Distribución da poboación en núcleos dispersos (caseríos, aldeas, etc.) nos que se constata un progresivo envellecemento dos poboadores, o despoboamento, o descenso da natalidade ou o desequilibrio inter rexional.
- Estructuras productivas vinculadas a un sector primario no que áinda destaca o papel da explotación agrícola familiar, con déficits de infraestructura material e de forza de traballo cada vez más visibles; e, en boa medida, referidos ó forte peso do autoconsumo na economía. De feito, os ingresos monetarios constantes proceden de actividades non agrarias e das pensións de xubilación.
- Mentalidade tradicional.
- Perda de sinais de identidade, precariedade socio-económica e de benestar social (concentración neste medio das áreas deprimidas e das bolsas de probreza), cunha cultura escasamente vertebrada nos marcos más amplos que definen a súa actual estructura social e os seus posibles proxectos de futuro.
- Deprivación ou lonxanía dos servicios socio-profesionais e dos equipamentos colectivos básicos en materia de sanidade, cultura, información, lecer, etc., agravada tanto pola distancia xeográfica coma pola psicolóxica respecto doutros medios inmersos en procesos de desenvolvemento, fundamentalmente as cidades e o mundo urbano.

Neste contexto debe ser entendida a problemática educativa que se rexistra no medio rural galego, particularmente a partir da promulgación da Lei Xeral de Educación de 1.970 e das medidas adoptadas en función das propostas formuladas no "Plano Galicia de Educación", sobre todo durante a década dos anos setenta.

Neste Plano establecíanse pautas de actuación educativas que con carácter global (concepción xeral do sistema educativo segundo a LXE) e sectorial (por niveis educativos: preescolar, educación xeral básica, bacharelato, etc.) deberían ser considerados en Galicia, especificando os obxectivos, necesidades e custos que hai que satisfacer en cada situación.

Como se expresaba, mediante a súa implantación tratábase de eliminar ou reducir problemas instalados de modo crónico na realidade educativa galega. Entre outros:

- escasa, incompleta e desarticulada oferta educacional;
- taxas elevadas de abandono e fracaso escolar, como expoñente da falla de igualdade de oportunidades;
- ausencia dunha política educativa axustada ás necesidades territoriais e humanas.

Aínda que algúns destes problemas conseguiron mitigarse co transcurso do tempo, a hipótese dun fracaso anunciado fíxose patente na realidade, ó non responder ás medidas adoptadas ás necesidades que as reclamaban. Máis aínda, en poucos anos xurdirán temas e problemas suscitados pola operativización do propio "Plano", no que a aplicación de certos criterios de uniformización contrastarán coa esixencia de diversidade que imponía a realidade socioeconómica e cultural. No medio rural, aquí está a orixe dunha confrontación aínda sen resolver entre a escola, o seu proxecto educativo e o medio rural. Confrontación da que teñen sido ou son expoñentes datos coma os seguintes:

- Desigualdade cualitativa na distribución da rede educativa: irrelevante presencia do ensino dependende da iniciativa privada, escaseza de centros de ensinos medios, desequilibrio na súa localización territorial, etc., como determinantes na conformación dun sistema educativo para o medio rural. En xeral, manifestamente restrinxido, incompleto e insuficiente, ofrecendo á súa infancia e xuventude opcións desiguais na promoción educativa, mesmo discriminatorias por razóns de distancia, medios económicos familiares, etc., se se comparan con outras zonas vilegas ou urbanas.
- Equipamentos escolares insuficientes e, en moitos casos, deficientes tanto a nivel estructural coma funcional. Así, aínda que estean cubertas a maioría das necesidades de disponibilidade de aulas, constátase a situación de inadecuación que as afecta en abundantes centros. A este feito debe engadirse a carencia de espacios polivalentes ou específicos, xunto coa tamén escasa ou impropia disponibilidade de materiais didácticos.
- Disfuncionalidade nas conexións escola/comunidade, que repercute na imaxe institucional xerada polas escolas e a percepción das súas limitacións por parte da poboación. De facto, a escola galega mantívose afastada dos problemas socioeconómicos e culturais do seu propio ámbito ecolóxico, constituíndo un elemento alleo ás súas realidades, suscitando a cotío conductas e/o situacións discriminatorias e aculturadoras, e en poucas ocasións as de carácter integrador e liberador.
- En bo grao, a disfuncionalidade aludida asóciase á política de territorialización educativa promovida pola Administración Educativa nos anos setenta. As súas consecuencias más notorias quedarán exemplificadas nun proceso de reconversión escolar baseado na supresión de centos de unidades e centros educativos (as pequenas escolas unitarias), substituídos por colexios comarcais de grandes dimensións (escolas graduadas). As denominadas concentracións escolares, xeralmente distantes do domicilio familiar dos alumnos, requirirán a dotación de servicios complementarios de comedor e transporte, detraendo un capítulo importante do presupuesto económico.

— Carenza de propostas institucionais, organizativas e curriculares específicas para o medio rural galego, coincidente coa ausencia dunha política educativa orientada ó logro dunha escola congruente coas realidades económicas, sociais e culturais desa sociedade. Unha situación de orde estructural e normativa que incidirá en cuestións que afectan ó profesorado (alta mobilidade, illamento persoal e profesional), ó alumnado (elevados índices de fracaso e abandono escolar, ruptura co medio familiar), ós pais (distanciamento da dinámica de funcionamento do centro escolar, baixas expectativas educacionais en relación ós fillos).

Fronte a estas condicións que se trasladan do pasado á actualidade, cabe destacar que se teñen producido nos últimos anos notables cambios que se sitúan nas bases dunha efectiva modificación da escolarización no medio rural galego. Unha situación na que incidirá o protagonismo que asumen grupos e colectivos de mestres vinculados ós Movementos de Renovación Pedagóxica, con actuacións puntuais na elaboración de alternativas contextualizadas en determinadas zonas xeográficas, convocatoria de Seminarios de traballo, Encontros, Xornadas, etc. Asemade, a teor do proceso de transferencias educativas asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, debe destacarse a constitución dos Colexios Rurais Agrupados en Ensino Xeral Básica e Preescolar (DOG do 8 de abril de 1988), primeiro intento para superar, desde a decisión política, as convencionais orientacións que teñen caracterizado a institucionalización educativa no medio rural galego, aínda que sexa mediante a adaptación de iniciativas que impulsa o Ministerio de Educación e Ciencia a partir dos anos centrais da década dos oitenta.

2.2. Das necesidades dun cambio ás alternativas da Reforma.

A procura de alternativas que achegasen respostas positivas á situación de crise que se recoñece na escola do medio rural iníciase nos anos finais da década dos setenta en virtude dos denominados Pactos da Moncloa (1977), se ben nun marco de actuacións que pretende conxuga-lo avance e culminación da política de concentracións escolares coa función "cualificadora" da escola para eleva-lo nivel de rendibilidade das empresas agrarias. O que, entre outras iniciativas, se intenta concretar mediante o Plano Extraordinario de Escolarización (bienio 1978/1979), contemplando a incorporación das lingua propias e os contidos culturais do ámbito territorial nos niveis educativos non obligatorios, e promovendo unha formación en servizo dos mestres.

A Lei Orgánica do Estatuto de Centros Escolares (1980) obviará no seu articulado un tratamento diferenciado dos colexios localizados no medio rural necesitados de transformacións urxentes, tal e como suxiren as investigacións realizadas en distintas comunidades da xeografía española (Cataluña, Aragón, Galicia, Castela-León, etc.).

O Real Decreto 1174/1983, de 27 de abril, sobre Educación Compensatoria, contemplará a posibilidade de promover actuacións en áreas xeográficas ou en función de grupos de poboación con características sociolóxicas, educacionais, etc., que poñan de relevo condicións de privación e, en consecuencia, requiran unha intervención educativa preferente: taxas de analfabetismo superiores á media nacional, inasistencia á educación preescolar, desfase académico e de idade na EXB, abandono en EXB, falla de escolarización nos Ensinos Medios (BUP e FP), abandono en Formación Profesional. En síntese, trátase dun Programa co que se pretende corrixi-la desigualdade diante do sistema educativo na que se encontran determinados grupos sociais e trala que subxacen razóns socioeconómicas ou a súa localización en áreas especialmente deprimidas desde o punto de vista educativo e cultural.

A incidencia máis notoria do Programa de Educación Compensatoria residirá na capacidade legal que xera de cara ó impulso de experiencias e iniciativas de alcance municipal, comarcal ou autonómico, posibilitando a adopción de medidas axustadas ás súas respectivas necesidades.

A versatilidade do Programa de Educación Compensatoria, diversificado en varios sub-programas, permitirá emprender proxectos que inciden na conformación de novas modalidades de acción educativa no medio rural: consolidación de preescolar na casa, apoio a centros incompletos, revalorización do papel das escolas unitarias, utilización da rede de escolas-fogar en sistema de alternancia, profesores

itinerantes, etc. Asemade, desde 1983, quedan regulamentados os Círculos de Estudio e Intercambio para a Renovación Educativa (CEIRE), como vías de apoio ó profesorado, axiña substituídos no territorio que xestionou o Ministerio de Educación e Ciencia, polos Centros de Profesores (Real Decreto 2112/1984, de 14 de novembro).

A Lei Orgánica do Dereito á Educación incorporará, anos máis tarde, a posibilidade dunhas renovadas relacións entre as escolas e as comunidades locais regulamentando a participación dos diferentes axentes educativos.

Con posterioridade, o Real Decreto 2731/1986, do 24 de decembro, crearía os Colexios Rurais Agrupados de Ensino Xeral Básico, como vía alternativa á tradicional organización escolar, con precedentes na experiencia de escolarización do Val de Amblés (Ávila), iniciada no ano 1978. Este Decreto proporía que o deseñable mantemento de pequenas escolas non debe ir en detrimento da súa fortaleza organizativa "mediante a constitución de Colexios Rurais Agrupados promovidos pola Administración Educativa e as comunidades rurais a partir de proxectos pedagóxicos ou organizativos concretos". Polo demais, a norma intenta satisfacer no medio rural os criterios de participación escolar previstos na LODE e no Regulamento de órganos de goberno dos centros públicos de EXB (Real Decreto 2376/1985 do 18 de decembro). Fundamentalmente, este novo marco lexislativo propicia cambios estructurais e xurídicos na institucionalización educativa no medio rural, aínda que sen a penas incidir en cuestións de natureza curricular ou metodolóxica.

O proceso de Reforma Educativa que se proxecta na LOXSE posibilitará, neste sentido, opcións de maior contextualización, dando resposta á diversidade de situacións e realidades; o que supón -á súa vez- diversidade dos modelos concretos de organización dos recursos e das actuacións educativas mediante deseños e proxectos específicos para o medio rural, aínda cando exista a opinión xeneralizada de que o desenvolvemento da LOXSE segue sen abordar e definir un modelo diferencial para o medio rural nos niveis básicos de Educación Infantil e Primaria, así como na Educación Secundaria, Formación Profesional, Bacharelatos e servicios educativos de calidade.

2.3. Normativa e praxe dunha proposta: Os Colexios Rurais Agrupados.

Expresamos con anterioridade que o Ministerio de Educación e Ciencia, a través do Real Decreto 2731/1986, do 24 de decembro (BOE do 9 de xaneiro de 1987) determina que nas zonas rurais é posible organiza-la agrupación das unidades escolares existentes nunha ou varias localidades a efectos de constituír un só centro docente baixo a denominación de "Colexio Rural Agrupado de Educación Xeral Básica", gozando de plena capacidade académica e de xestión. Por unha Orde posterior, do 20 de xullo de 1987 (BOE do 25 de xullo), regúlase o procedemento para a constitución dos Colexios Rurais Agrupados de EXB.

Na Comunidade Autónoma de Galicia publicouse o Decreto 63/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril), relativo á creación de "Colexios Públicos Rurais Agrupados en Educación Xeral Básica e Preescolar". No mesmo, explicitase a vontade de "potenciación da escola rural por medio da apertura de moitas escolas unitarias pechadas así como da construcción de miniconcentracións escolares". Preténdese deste xeito o mantemento das escolas unitarias sen prexuízo da súa capacidade organizativa e a reconversión das concentracións escolares mediante os colexios públicos rurais agrupados, promovidos tanto pola Administración Educativa coma polas propias comunidades rurais.

Esta iniciativa intenta ser anovadora tanto na perspectiva de racionaliza-la oferta educativa no medio rural como de favorece-lo modelo de participación establecido na LODE, a pesar de que na mesma Lei se contemplan propostas excepcionais para os centros de Preescolar e Educación Xeral Básica que teñan menos de oito unidades (Real Decreto 107/1986 do 10 de abril). O obxectivo fundamental desta nova experiencia organizativa consiste en "eleva-la calidade do ensino das comunidades rurais así como contribuír á revitalización socioeconómica e cultural por medio da elaboración e aplicación coor-

dinada de proxectos pedagóxico-didácticos que permitan a integración das aprendizaxes nos medios respectivos (artigo 1.4).

Na procura deste obxectivo sinálanse distintos elementos, considerados como básicos ós efectos de dotar de operatividade esta experiencia:

- Integración dos recursos humanos e materiais das unidades agrupadas en ditos centros, agás as instalacións docentes e deportivas situadas en diferentes localidades;
- Estructuración do cadre de persoal de profesorado equivalente ó número de unidades que se constitúan e con posibilidades de dotarse de profesorado de apoio itinerante.
- A actividade deste profesorado pode desenvolverse tanto na localidade do seu centro de destino como noutras en relación á composición do colexio rural agrupado e ó proxecto educativo elaborado.
- Os Centros de Recursos existentes na zona prestarán os seus servicios a estes colexios de forma preferente.

De xeito complementario, a Orde do 14 de abril de 1988 (DOG do 13 de maio) contemplará un conxunto de normas que teñen por obxecto a posta en funcionamento de ditos Colexios. Así, o expediente de constitución pode iniciarse basicamente por dúas vías: a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia; e o órgano colexiado competente nos centros preexistentes (conxunto de profesores das unidades da agrupación que se pretende constituir). Asemade, no expediente constarán unha serie de datos ou documentos principais: proposta ou solicitude de constitución; memoria que especifique as características xeográficas e as razóns de creación do Colexio Rural Agrupado; relación detallada das necesidades derivadas do proxecto, referidas tanto ó profesorado coma ó gasto de funcionamento e novos investimentos, no seu caso; datos relativos á planificación (unidades, alumnos, instalacións, etc.) e acta da consulta realizada ós pais dos alumnos, profesores e ó Consello Escolar Municipal ou Territorial, se é do caso; informe dos Concellos e compromiso da súa atención respecto dos gastos de conservación e mantemento; finalmente, informe favorable da Inspección do Ensino. A pesar da complexidade que se deriva da propia realidade rural e dos acordos que deben adoptarse para a constitución destes colexios, a experiencia mostra trazos positivos tanto se se considera desde unha perspectiva social como se se teñen en conta os obxectivos que se pretendan satisfacer por parte da Administración Educativa.

En particular, a creación e desenvolvemento destes centros supón para as familias e nenos, sobre todo para os más cativos, a posibilidade dunha formación inscrita no seu propio territorio, evitando desprazamentos e separacións afectivas e cognitivas respecto do seu medio; asemade, os propios pais teñen, de partida, maiores facilidades para implicarse na dinámica escolar.

Con todo, os Colexios Públcos Rurais Agrupados existentes na Comunidade Autónoma de Galicia á altura do curso escolar 1992/93 serán tan só oito, seis dos cales están situados na provincia da Coruña: "Novo Mercer" de Esfarrapada, en Coristanco; "San Xiao", en Narón; "Solláns/Calo", en Teo; "O Esquío" de Taraza, en Valdoviño; e os CPRA das Pontes e Santa Comba. Na provincia de Lugo existe un colexio destas características en Freixo, no concello da Fonsagrada. E na provincia de Pontevedra tamén un colexio en Peiteiros/Gándara, no concello de Gondomar.

As magnitudes máis relevantes dos Colexios Públcos Rurais Agrupados en Galicia poden consultarse na táboa adxunta, configuradas en base ós datos cruzados por provincia e concello, nivel educativo (Educación Infantil, Educación Primaria/Ensino Xeral Básico), unidades dispoñibles e alumnos matriculados.

Táboa VII. 3

COLEXIOS PÚBLICOS RURAIS AGRUPADOS (UNIDADES E ALUMNOS MATRICULADOS POR PROVINCIAS, CONCELLOS E TOTAL DE GALICIA, CURSO 1992/93)

Provincia	Unidades			Alumnos Matriculados			
	Concello	Infantil	EXB	Total	Infantil	EXB	Total
A CORUÑA							
Coristanco	8	3	11	79	62	141	
Narón	7	7	14	132	57	189	
As Pontes	1	5	6	35	29	64	
Santa Comba	2	9	11	40	49	89	
Teo	6	13	19	191	73	264	
Valdoviño	6	5	11	62	60	122	
LUGO							
Fonsagrada	0	2	2	3	19	22	
PONTEVEDRA							
Gondomar	5	2	7	90	2	92	
GALICIA	35	46	81	632	351	983	

Observacións: EXB: Ensino Xeral Básico (incluíndo Educación Primaria)

FONTE: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Elaboración ICE da Universidade de Santiago.

Como pode constatarse, o número de alumnos/as que participan deste modelo organizativo sitúase preto do millar, sendo apreciables as diferencias entre o volume dos que están matriculados nuns e outros centros, cun intervalo que ten o seu valor mínimo no CPRA das Pontes (64 alumnos) e o máximo no CPRA de Solláns-Caló, no concello de Teo (264 alumnos). O conxunto de profesores está constituído por un total de 82 profesores para as 81 unidades existentes.

Tamén é notoria a diferenza nas unidades que conforman os Colexios Públicos Rurais Agrupados, dende un mínimo de dúas no caso do CPRA de Freixo (Fonsagrada) ata un máximo de 19 no de Solláns-Caló (Teo); o que achega unha configuración moi desigual destes centros, aínda que a tendencia sexa constituílos con máis de dez unidades.

É salientable que os alumnos cursen maioritariamente a etapa de Educación Infantil (64,3 por cento) e en menor medida a Educación Primaria (28,7 por cento) e o segundo ciclo da EXB (no 7,0 por cento dos casos). Destacando o feito de que non hai ningún alumno matriculado nos cursos do ciclo superior do Ensino Xeral Básico (6º, 7º e 8º), xa que se incorporan por razón da súa idade ós centros de EXB que teñen máis próximos. Dáse o feito de que o CPRA de Peiteiros, no concello de Gondomar, está plenamente dedicado á etapa de Educación Infantil.

O Consello Escolar de Galicia estima que aínda é irrelevante o número de centros rurais agrupados, se se ten en conta tanto a amplitude do medio rural galego, como o importante volume de escolas unitarias que potencialmente poderían unirse á experiencia. Neste sentido, cabe pensar, sobre todo nas zonas de montaña do interior (en Ourense e Lugo) onde unha alternativa desta índole podería ser contemplada con sumo interese para facer fronte á problemática que na actualidade viven os centros existentes (tanto as escolas unitarias como moitas das concentracións).

O Consello Escolar de Galicia considera que os Colexios Públcos Rurais Agrupados poden chegar a desempeñar un papel importante na institucionalización educativa do medio rural galego, e para iso tense que producir un notable cambio que os aproxime a unha perspectiva máis global e integradora dos procesos educacionais que en dito medio deben ser promovidos. En definitiva, cambios que permitan valorar nesta modalidade organizativa as condicións dunha resposta efectiva á extensa e complexa problemática da educación no medio rural galego, e non tan só os déficits conxunturais que presenta neste momento o acceso á Educación Infantil.

VII.3. O PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO

Baseándonos nos datos do censo de 1991, Galicia conta cunha poboación de 2.649.084 habitantes dos cales 2.568.791 entenden o galego e 2.421.102 sábeno falar.

TÁBOA VII.4

<u>ENTÉNDENO</u>	<u>SABEN FALALO</u>	<u>SABEN LELO</u>	<u>SABEN ESCRIBILO</u>
96,97%	91,40%	49,94%	34,86%

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas. Instituto Galego de Estatística. 1991

Pode deducirse que sendo o galego unha das linguas minoritarias de Europa, posúe unha boa situación de partida para poder conseguir progresos no desenvolvemento da promoción lingüística tendente á recuperación da presencia do idioma nas aulas.

No referente ó coñecemento do idioma, a competencia lingüística individual caracterízase pola capacidade de entender e fala-las dúas linguas que conviven en Galicia.

En canto ó uso escrito pasivo e activo hai variacións: un 46,86% considéranse capaces de lelo e só un 32,97% de escribilo. Estes datos pódense considerar en certo modo normais e á vez significativos, pois ata hai praticamente catorce anos toda a poboación recibiu única e exclusivamente ensinanza de e en castelán.

Tradicionalmente sostívose que a utilización do galego centrábbase fundamentalmente no ámbito rural e das vilas, atribuíndolle ás cidades, especialmente ás más grandes, un masivo abandono do galego e consecuentemente, o seu paso ó castelán. Os datos dos que estamos a falar manifestan sen embargo que as sete grandes cidades manteñen un alto grao de coñecemento e competencia na lingua propia de Galicia.

TÁBOA VII.5

<u>CIDADES</u>	<u>ENTÉNDENO</u>	<u>SÁBENO FALAR</u>	<u>SABEN LELO</u>	<u>SABEN ESCRIBILO</u>
	84,90%	69,97%	46,52%	29,38%

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

Como se pode ver as cifras, respecto ás da poboación en xeral, non difiren a penas en canto á competencia escrita e moi pouco no referente á competencia oral. Nótase por unha parte un mantemento da lingua de boa parte da poboación urbana chegada de ámbitos rurais e, pola outra, unha certa detención das tendencias de monolingüismo castelán asentadas en determinados sectores e niveis da sociedade desde hai xa ben tempo, debido ó avance na recuperación social do galego, determinado pola súa utilización recente na vida pública: Administración, ensino, medios de comunicación e vida socioeconómica en xeral.

En canto os niveis de uso:

TÁBOA VII.6

<u>ÚSANO SEMPRE</u>	<u>ÚSANO OCASIONALMENTE</u>	<u>NON O USAN NUNCA</u>
48,35%	35,30%	7,7%

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

É de salientar que só un 7,7% dos habitantes de Galicia non o usan nunca, cifra na que se inclúen emigrantes e poboación de paso. A extensión centrarse, polo tanto, no uso de falantes ocasionais a habituais.

TÁBOA VII.7

POR PROVINCIAS.

	<u>ÚSANO SEMPRE</u>	<u>ÚSANO OCASIONALMENTE</u>	<u>NON O USAN NUNCA</u>
A CORUÑA	45,42%	37,64%	8,43%
LUGO	64,34%	19,81%	3,64%
OURENSE	61,79%	25,77%	5,85%
PONTEVEDRA	39,99%	43,16%	9,50%

Fonte: Instituto Galego de Estatística.

Percíbese unha maior convivencia co castelán nas provincias da Coruña e Pontevedra, as que sufrieron maior proceso de industrialización, un gran crecemento de poboación e de nivel de urbanización e onde se xuntaron xentes de diversa orixe, clases e valores. Con todo, en ámbalas dúas provincias o poboación que fala sempre e ás veces en galego xira arredor do 80%.

3.1. O proceso de Normalización Lingüística no Ensino. Situación legal actual. ENSINO

SITUACIÓN LEGAL ACTUAL

- Lingua oficial do estado: castelán.
- Lingua cooficial e propia de Galicia: galego.

A Constitución Española reconoce no seu artigo 3º a cooficialidade de ámbalas dúas linguas.

O Estatuto ordena ós poderes públicos de Galicia garanti-lo uso do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e dispoña-los medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

Consecuentemente o Estatuto concédelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en canto á formación e ó ensino do idioma galego. Concédelle ademais competencia plena no referente á regulación e á administración do ensino, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven (é dicir, programación xeral, regulamento do control e xestión de centros, autonomía universitaria, etc.).

O que referido á lingua se contempla no Estatuto desenvólvese a través da LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, que é a lei básica no referente ó idioma, e que contempla entre outras cousas o seguinte:

- O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma e da súa Administración.
- O castelán éo tamén por ser lingua oficial do Estado.
- Consecuentemente o galego tamén é lingua oficial no ensino, en tódolos seus niveis.
- A Xunta debe regula-la normalización do uso das linguas oficiais no ensino.
- Os nenos teñen o dereito a recibila primeira ensinanza na súa lingua materna.
- As autoridades educativas terán que arbitra-las medidas necesarias encamiñadas a favorecer o uso progresivo do galego no ensino.
- A lingua galega é materia de estudio obligatorio en tódolos niveis educativos non universitarios.
- Como obxectivo no ensino, as autoridades educativas garantirán que ó termo dos ciclos nos que o ensino do galego é obligatorio, os alumnos o coñezan e dominen, oralmente e por escrito, en igualdade co castelán.
- En canto ás Universidades, o goberno e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.
- As autoridades educativas promoverán o coñecemento do galego por parte dos profesores, coa finalidade de garanti-la progresiva normalización da lingua no ensino.

Para levar a cabo o disposto na Lei de Normalización Lingüística, cóntase coa seguinte estrutura:

- Comisión coordinadora para a Normalización lingüística.
- Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación.
- Inspección Educativa
- Gabinetes de Normalización provinciais.
- A.T.P. da área de Lingua Galega nos CEFOCOP.
- Centro de Recursos.
- Coordinadores docentes de galego.

Dez anos despois da aprobación da Lei de Normalización Lingüística non cabe dúbida de que en termos xerais se ten progresado de forma apreciable a este respecto. O que si xa resulta máis difícil é precisar en que punto ou chanzo do proceso nos encontramos.

3.2. Ensino da lingua galega.

Aínda que non se trata dun indicador relevante de normalización, parece obrigado deixar constancia no primeiro informe elaborado para o Consello Escolar de cal é o coñecemento oficial que se ten ó respecto.

TÁBOA VII.8

HORAS SEMANAIS DEDICADAS ÁS MATERIAS DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS E CASTELÁS

NIVEL DE ENSINO		EN LINGUA GALEGA	EN LINGUA CASTELÁ
Educación Infantil		Non está establecido horario ningún, pero haberá de coidarse de que os alumnos adquiran un coñecemento da lingua oficial non utilizada como vehicular "dentro dos límites propios do correspondente nivel".	
EXB e/ou Educación Primaria		4 horas No Ciclo Medio, hai tamén 1 hora de Estructuras lingüísticas galegas e castelás comúns	4 horas
Bachalerato	- En 1. ^º - En 2. ^º - En 3. ^º	Lingua 3 h. Lingua 3 h. Literatura .. 3 h.	Lingua-Literatura...4 Lingua-Literatura...4 Literatura (optativ) 3
Formación Profesional I	- En 1. ^º - En 2. ^º	Lingua..... 2 Lingua..... 2	Lingua e Lit. 4 —
Formación Profesional II	- En 1. ^º - En 2. ^º - En 3. ^º	Literatura... 2 Literatura... 2 Literatura... 2	Lengua 2 Literatura... 2 Literatura.. 1
Curso de Orientación Universitaria		-Tódolos alumnos cursan 3 horas de Lingua Galega e 3 Lingua Castelá. -Nas opcións C e D inclúense ademais a Literatura galega e castelá con 4 horas: optativamente na primeira opción e con carácter obligatorio unha delas e voluntariamente a outra no caso da segunda.	

Como é sabido, o marco normativo desenvolvido a partir do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística (LNL) de 1983, que regula as condicións da inserción escolar da lingua galega como materia e lingua de ensino, faino declarándoa lingua oficial do ensino en paralelo co castelán e outorgándolle o mesmo papel ca esta.

Este principio reflíctese de forma clara no ensino da lingua galega como materia. O seu estudio é obligatorio en tódolos niveis educativos non universitarios (LNL, art. 14) e cun peso horario idéntico ó do castelán.

"Nos niveis de Preescolar, Educación Xeral Básica, Bacharelato e Formación Profesional, así como no Curso de Orientación Universitaria e na modalidade de Educación permanente de Adultos, asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ó galego e ó castelán (Decreto 135/1983,a rt. 1)."

Desde o curso 87/88 as Probas de Acceso á Universidade inclúen unha proba de Lingua galega, da que quedarán exentos únicamente os alumnos que non cursasen tal materia, por exención expressa, nalgún dos cursos de Bacharelato ou en COU.

Todo isto co obxectivo posto en que ó finaliza-los ciclos nos que o ensino do galego é obligatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán (LNL, art. 14.3).

3.3. Ensino en Galego.

3.3.1. Marco normativo.

TÁBOA VII.9
DISPOSICIÓN BÁSICAS SOBRE A LINGUA DE ENSINO

CICLO	PRESCRICIÓN BÁSICAS	
Preescolar e Ciclo Inicial	Ensino en galego ou en castelán segundo a lingua materna predominante no grupo-clase.(Na LNL recoñécese o dereito do <u>alumno</u> a recibilo primeiro ensino na súa lingua materna).	
Ciclo Medio e Segunda Etapa	MÍNIMO LEGAL	TEITO LEGAL
	Ensino en galego, polo menos, na área de <u>Ciencias Sociais</u> .	
BUP-COU e FP	Ensino en galego, polo menos, en <u>dúas</u> materias a elixir en cada curso, de entre as catro oficialmente establecidas.	Uso <u>equilibrado</u> do galego e do castelán como linguas vehiculares.

De maneira semellante ó que vimos anteriormente en relación co ensino do galego, a equiparación das dúas linguas aparece como un dos principios reguladores do seu uso vehicular dentro do sistema. No cadro VII.7 recóllese sucintamente o contido das principais disposicións legais sobre esta cuestión, plasmadas no Título III da LNL (DOG do 14 de xullo), no Decreto 135/1983 (DOG do 17 de setembro), na Orde do 23 de setembro de 1983 (DOG do 22 de outubro) e na Orde do 1 de marzo de 1988 (DOG do 15 de marzo).

3.4. Equipos de Normalización Lingüística (ENL).

Disposta a súa creación inicialmente por dúas Ordes do 12 de xuño e do 26 de xullo de 1990 (DOG do 5 de xullo e do 17 de agosto, respectivamente) para coordina-los chamados "Plano xeral para o uso do idioma" e "Plano específico para o ensino en lingua galega", a eles compéntelles, segundo se establece posteriormente (Ordes do 15 e do 24 de xullo de 1991, DOG do 26 e do 28 de agosto) deseña-lo plano de normalización "a presentar ó Claustro e ó Consello Escolar", co asesoramento dos Gabinetes de normalización lingüística das Delegacións provinciais, a supervisión da Inspección educativa e a virtual dinamización dos coordinadores docentes de galego.

Será función dos ENL a de servir de mediación e de impulso cara a facer realidade dúas indicacións prescritivas sinaladas nas "Instruccións para a organización e o funcionamento dos centros educativos": o plano xeral para o uso do idioma que cada centro deberá elaborar dentro do seu proxecto educativo e o plano específico para a ensinanza en lingua galega de acordo coa normativa ó respecto.

A composición dos ENL estará formada nos centros de ensino básico por un profesor de cada ciclo, elixido entre os profesores de cada ciclo, un profesor do departamento de filoloxía e dous alumnos do ciclo superior, elixindo no seu seo un coordinador do equipo.

No caso dos centros de ensino medio, a súa composición estará formada por tres profesores, tres alumnos e un representante do persoal non docente, elixíndose tamén no seu seo un profesor coordinador.

Os coordinadores, en ámbolos dous casos, poderán gozar de liberación de ata tres horas lectivas semanais, dentro das disponibilidades do centro, para atende-las funcións específicas.

Como apoio ós ENL, a Dirección Xeral de Política Lingüística vén convocando encontros, con carácter periódico, de formación e de intercambio de experiencias para os coordinadores dos equipos, servindo de exemplo a Orde do 29 de outubro de 1992, así coma convocatorias de axudas para proxectos de traballo, material bibliográfico, videográfico e fonográfico.

3.4.1. Perspectiva xeral.

En principio estarían constituídos aproximadamente na metade dos centros, de ensino básico e medio, en cada caso co seu correspondente coordinador.

Concretamente, un total de 917 centros terían constituído oficialmente o equipo a comezos do curso 1993/94, o 81% nos centros públicos e o 19% restante nos centros de titularidade privada.

Na táboa VII.8 recóllese a súa distribución por provincia e titularidade do centro, así como a información correspondente ó número dos que reciben axuda oficial para efectua-lo seu programa de actividades.

É difícil determinar cantos equipos dos constituídos están en funcionamento realmente. Un indicador neste sentido podería se-lo de contar con axuda oficial para desenvolve-las tarefas que ten encomendadas. Desde esta perspectiva, quizais unha estimación realista situaría na metade dos constituídos a proporción dos centros con equipo de normalización cun nivel significativo de actividade, é dicir, arredor do 48%, que é a porcentaxe dos equipos de normalización do total de Galicia que contan con subvención.

TÁBOA VII.10

DISTRIBUCIÓN DOS QUIPOS DE NORMALIZACIÓN POR PROVINCIA E TITULARIDADE DO CENTRO. CURSO 1992/93.

Titularidade do centro	ACORUÑA %	LUGO %	OURENSE %	PONTEVEDRA %	N
PÚBLICA	79.4	89	85	75.6	743
PRIVADA	20.5	11	15	24.3	174
N	312	156	155	275	917
N (con axuda)	176	79	59	131	445
%	56	50.6	38	47.6	48.5

Fonte: Consellería de Educación

3.4.2. Situación por provincias.

3.4.2.1. Provincia da Coruña.

— En 1991 "dos 278 enquiskados, 230 tiñan constituído o equipo (82,74%) e 48 (17,27%) non tiñan constituído o equipo por diversas razóns".

Descoñecémo-la distribución por niveis e titularidade dos centros e non temos constancia do tipo de actividades realizadas.

3.4.2.2. Provincia de Lugo.

A información dispoñible ó comienzo do curso 1993-94 é a seguinte:

a) Nos colexios públicos de E.X.B.

- "Dun total de 126 centros, 124 (98,41%) teñen constituído o equipo de normalización lingüística, 2 (1,59%) non o teñen constituído polo feito de seren "minigrupos".
- As horas semanais dedicadas polo coordinador do equipo a esta función "oscilan entre unha e tres".

b) nos colexios privados:

- Parece ser que tamén é práctica case xeneralizada a existencia de equipos de normalización nos centros. Concretamente,
- "Dun total de 26 centros, 22 (84,62%) teñen constituído o Equipo, e 4 (15,38%) non o teñen constituído, se ben estase a formar ou funciona a nivel de Claustro ou Departamento".
- "As horas semanais que dedica o coordinador do equipo a esta función oscilan entre unha e dúas".

c) No Ensino Medio.

- Nos centros de Bacharelato e I.E.S.P., están constituídos 9 de 22 centros (41%).
- Nos de Formación Profesional, están constituídos 17 de 18, é dicir, o 94%

d) Actividades desenvoltas.

TÁBOA VII.11

ACTIVIDADES REALIZADAS POLOS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO.

Actividades realizadas	Curso 91/92		Curso 92/93	
	N	%	N	%
a) De normalización oral no Centro	54	43	79	63
b) De normaliz. escrita " "	54	43	79	63
c) Radio escolar no centro	5	4	10	8
d) Prensa escolar no centro	23	18	41	33
e) Representacións teatrais	14	11	19	15
f) Estudio sociolingüístico	1	1	1	1
g) Celebracións festas tradicionais	39	31	39	31
h) Compra de material	18	14	14	11
i) Elaboración vídeo no centro	—	—	2	2

A táboa VII.7 recolle a distribución das actividades efectuadas polos equipos de normalización, tal como aparecen categorizadas no informe da Inspección correspondente. Polo que se ve, trátase dun conxunto relativamente amplio de actividades, se ben cun carácter normalizador más ben marxinal e distante das funcións que se deducen das claves que dá o propio ordenamento normativo.

3.4.2.3. Provincia de Ourense.

A porcentaxe de equipos constituídos no sector público alcanzaría o 91%, mentres que no sector privado situaríase no 82%. As horas dedicadas semanais por parte do coordinador do equipo varían entre 1/2 e 5 horas.

En xeral, os equipos consideran ter conseguido os obxectivos establecidos e realizado as actividades recollidas no plano. Un 51% e un 41% valoran, respectivamente, como alta ou media a incidencia do equipo no funcionamento do centro, sendo esta, en todo caso, recoñecida como máis intensa de cara ó alumnado.

TÁBOA VII.12

ACTIVIDADES REALIZADAS POLOS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN DA PROVINCIA DE OURENSE.

Actividades realizadas	Curso 92/93 %
Radio escolar no centro	2
Prensa escolar no centro	36
Representacións teatrais.	20
Celebracións festas tradicionais	100
Compra de material para o centro	31
Elaboración vídeo no centro	2
Estudios sociolingüísticos	12
Campañas animación á lectura, etc.	51
Excursións de tipo cultural	19
Concursos literarios para alumnos	10
Outras actividades (algunha relativa a lectoescritura)	varios
N	108

O tipo de actividades realizadas nos centros que dispuxeron de axudas, segundo a categorización disposta na fonte utilizada, queda recollido na táboa VII.8. Aquelas responden basicamente ó mesmo perfil atopado para as referenciadas para a provincia de Lugo e, conseguintemente, bótase tamén en falta aquí a realización doutras de carácter propiamente normalizador.

3.4.2.4. Provincia de Pontevedra.

Dun total de 165 centros públicos enquisiados, 126 (76%) teñen constituído o ENL e o coordinador dedica entre 0 e 4 horas semanais ás actividades correspondentes.

No sector privado, de 56 centros enquisiados, 33 (59%) teñen constituído o ENL, e o seu coordinador dedícallle entre 0 e 2 horas.

Como dicimos ó comienzo deste punto, o tipo de actividades realizadas polos equipos non semella en conxunto suficientemente acertada. É de esperar, non obstante, que nestes momentos o tipo de actividades desenvoltas -superada a etapa inicial de rodaxe- se orienten máis convenientemente. De feito o lexislador, quizá consciente disto, parece ter corrixido na Orde de 23 de outubro de 1992 (DOG do 24 de novembro) a escasa concreción inicial que presidía a indicación das actividades que tiñan que realiza-los equipos de normalización. De feito, nela especifica de maneira relativamente exhaustiva o

tipo de traballos que lles corresponde impulsar ós equipos ou que, polo menos, poden ser candidatos a recibir axuda oficial, tal como a seguir se relacionan (artigo 4º):

- a) Accións dirixidas ó perfeccionamento continuado do persoal docente e non docente do centro, co fin de mellora-la súa competencia lingüística oral e escrita para, respectivamente, a impartición das súas materias en galego...."
- b) Preparación e elaboración de material didáctico en galego necesario para a impartición dos contidos da realidade cultural galega e do contorno.... contemplados no Plano específico para o ensino en lingua galega....
- c) Accións encamiñadas a facilita-los materiais necesarios para que poidan recibilo ensino en galego aqueles alumnos de educación infantil e primeiro ciclo que teñan o galego como lingua materna.
- d) Accións dirixidas á concienciación e á extensión do uso do galego por parte dos alumnos e da comunidade escolar.
- e) Preparación e elaboración do material necesario para as adaptacións curriculares....
- f) Actividades de prensa e de radio escolar experimental en galego feitas nos centros de ensino".

3.4.3. Formación do Profesorado e actividades formativas para os pais.

Cursos específicos para o profesorado.

A oferta de cursos de formación en lingua ten sido unha das actividades estrela da política lingüística ó longo da década dos oitenta e, como pon de manifesto, a táboa VII.9 continúa a selo ó longo do triénio 1991-93, cun total de 459 cursos realizados e cunha cifra de profesores "reciclados" próxima ós 10.000.

En termos xerais, a distribución da oferta por niveis parece razonable dende o punto de vista das necesidades do propio sistema: un 36% de cursos de iniciación, máis da metade (53%) de perfeccionamento e 11% de especialidade.

TÁBOA VII.13
CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

	ANO	NIVEL DE TITULACIÓN			TOTAL
		Iniciación	Perfeccionamento	Especialidade	
A CORUÑA	1991	22	23	3	48
	1992	34	47	4	85
	1993	16	31	7	54
	Triénio	72	101	14	187
LUGO	1991	8	8	2	18
	1992	15	26	5	46
	1993	6	12	4	22
	Triénio	29	46	11	86

	ANO	NIVEL DE TITULACIÓN			TOTAL
		Iniciación	Perfeccionamiento	Especialidade	
OURENSE	1991	4	9	2	15
	1992	7	12	4	23
	1993	7	12	4	23
	Trienio	18	33	10	61
PONTEVEDRA	1991	7	9	4	20
	1992	31	32	5	68
	1993	9	23	5	37
	Trienio	47	64	14	125
TOTAL		166	244	49	459

FONTE: Elaborada a partir de datos proporcionados pola DXPL

Trasladando a información da táboa anterior a procentaxes por provincia e ano resulta a distribución que recollen respectivamente as táboas VII.14 e VII.15.

TÁBOA VII.14

DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL POR PROVINCIA DOS CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

Provincia	Iniciación	Perfeccionamento	Especialización	Global
A CORUÑA	43	41	29	41
LUGO	17	19	22	19
OURENSE	11	14	20	13
PONTEVEDRA	28	26	29	27
N	166	244	49	459

Unicamente cabería quizais salienta-lo feito de que a variabilidade da oferta se atenua notablemente en relación cos cursos de especialización.

TÁBOA VII.15

DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL POR ANOS DOS CURSOS DE LINGUA GALEGA

Ano	Iniciación	Perfeccionamento	Especialización	Global
1991	25	20	22	22
1992	52	48	37	48
1993	23	32	41	30
N	166	244	49	459

De variación interanual semella destacable o feito de que case a metade da oferta global de cursos dispensados ó longo do trienio se concentre no exercicio de 1992, a notable distancia dos anos anterior e posterior.

Actividades dirixidas ós equipos de normalización

Segundo se recolle na documentación utilizada, as actividades específicamente dirixidas ós equipos de normalización son:

- Encontros de intercambio de experiencias (dende o ano 1991), a celebrar nas localidades onde se produce demanda.
- Xornadas da lingua galega no ensino, a modo de "colofón ós cursos e ós encontros".
- "Existen dúas revistas específicas, dirixidas especialmente ós equipos de normalización - *Cadernos para o ensino e Revista Galega do Ensino* - que abranguen o ensino en xeral".

Cadernos para o Ensino, máis que unha revista parece configurarse como unha serie de pequenas monografías. Lévanse publicado cando menos doce, algunas delas de elevada calidad e, en xeral, case todas elas dun notable interese informativo e orientador de cara ó desenvolvemento do proceso de normalización no ensino.

Cómpre salientar, por fin, a existencia de convocatorias periódicas para a constitución ou o desenvolvemento de Seminarios Permanentes Interdisciplinares de Lingua Galega, para o perfeccionamento do profesorado, como a que recolle a Orde de 28 de xaneiro de 1992 ó respecto, e a convocatoria de axudas para a realización de actividades de prensa e radio escolar en galego, tanto para o ensino básico coma para o ensino medio. Segundo ela dótanse anualmente con recursos variables distintos proxectos, que foron un total de 135 de prensa e 37 de radio en 1991, con maior peso dos centros públicos e dos situados nas provincias occidentais. O seu número non rexistra alteracións notables nos anos 1992 e 1993.

Actividades dirixidas ós pais.

Cabe citar neste apartado o Programa EDAL (Educación, Desenvolvemento e Aprendizaxe de linguas), elaborado polo Instituto de Ciencias Humanas e Sociais e realizado fundamentalmente ó longo do curso 1992-93.

Trátase dun programa dirixido ás Asociacións de Pais de alumnos, que consistía basicamente na proxección dun vídeo no que se abordaban aspectos relativos á historia do galego e á súa importancia social e educativa, seguido dun coloquio. Incluía tamén a entrega dun tríptico no que se daba conta das seis ideas básicas ou principios orientadores do programa que a seguir se refiren:

- a) É admirable a capacidade que teñen os nenos para a aprendizaxe de linguas.
- b) O bilingüismo favorece o desenvolvemento intelectual.
- c) A aprendizaxe de dúas linguas a un tempo non produce máis problemas específicos de lingua que cando se aprende unha.
- d) Os rapaces bilingües están en mellores condicións para aprender linguas estranxeiras que os monolingües.
- e) Ó coidar e coñece-la lingua, coidamos e participamos da nosa cultura e da nosa historia.
- f) A actitude e a conducta dos pais, como primeiros e principais responsables da educación dos fillos, é decisiva.

O programa EDAL, logo da formación dun cadre de poñentes mediante tres seminarios, tivo a súa traducción pública, mediante cuñas radiofónicas, programas e debates na radio, o envío de cartas ó Directivos das APAS, o envío de información a preto de 1.000 centros escolares e a convocatoria de charlas para pais, ás que asistiron varios milleiros en toda Galicia.

Non hai constancia pública da avaliación rigorosa da anterior iniciativa, existindo dúbidas sobre a súa real eficacia, logo de consultadas diversas fontes técnicas.

Entre tanto, veuse mantendo a cifra en canto a solicitudes de exención da materia de Lingua Galega no ensino, cando menos na provincia da Coruña: 1.165 peticións realizadas no curso 1992/93 das que 1.043 -delas 683 de ensinanzas medias- foron atendidas positivamente. Estas cifras supoñen unha porcentaxe dun 0,3% do total dos alumnos matriculados.

3.4.4. Promoción da elaboración de material didáctico.

Un dos atrancos que veu atopando o proceso de normalización lingüística no ensino foi de maneira moi especial a falta de materiais didácticos apropiados en lingua galega.

Na década dos oitenta, o apoio proporcionado por parte da Administración á edición deste tipo de materiais foi moi escaso.

Neste último triénio, obsérvase en cambio unha atención notablemente maior neste sentido, cunha contribución económica crecente e, co que é mesmo máis importante, unha positiva implicación progresiva da Administración -pola vía das subvencións conforme a criterios previamente especificados e sen entrar na casuística dos repartos -na determinación dos materiais didácticos más precisos en relación coas necesidades derivadas do propio proceso normalizador.

Ó seu efecto vénense convocando axudas públicas para empresas editoriais (por exemplo a Orde de 3 de febreiro de 1992), para a edición de libros e materiais didácticos de niveis non universitarios en lingua galega, contendo as pertinentes cláusulas e criterios (materiais básicos, educativos e complementarios). As axudas consolidadas a proxectos presentados implican a presentación dos gastos realizados polas empresas (como mínimo, o dobre da axuda outorgada), e a entrega á Dirección Xeral de Política Lingüística dun máximo do 20% dos exemplares producidos ata o límite de 500 exemplares.

Así mesmo existen convenios de coedición con distintas empresas editoriais para a edición e a distribución de materiais pedagógicos e didácticos.

Polo seu interese, achégase a relación das axudas proporcionadas ó longo do devandito período, con indicación dos seus destinatarios, contías concedidas e outros datos relevantes.

TÁBOA VII.16

AXUDAS A EDITORIAIS PARA EDICIÓN DIDÁCTICAS E NÚMERO DE ORIXINAIS AXUDADOS (EN MILES DE PTS.)

	1991		1992		1993	
	Pts.	N. ^º	Pts.	N. ^º	Pts.	N. ^º
Aba Ed.	1.400	4	2.940	4	25.144	12
ACK					433	1
ASPG			435	1		
Bahía Ed.	3.000	1	2.000	1	3.833	2
Doxte's					2.368	1
EDEBE			2.000	2	4.850	2
Ed. Bruño					4.934	2
Ed. Casals	1.555	4				
Ed. de la Torre					520	1
Ed. do Cumio			2.000	1	2.344	2
Ed. Escuela Esp.					1.127	3
Ed. Lea					5.800	2
Ed. Obradoiro			2.000	2	8.849	5
Ed. do Regueiro			1.400	1		

	1991		1992		1993	
	Pts.	N. ^º	Pts.	N. ^º	Pts.	N. ^º
Ed. S.M.	400	1	2.940	4	12.789	6
Ed. Salvora					4.108	17
Ed. L. Vives					4.949	8
Ed. Xerais	2.500	3	1.400	1	16.057	16
Ed. Penta					7.230	3
Fontel Ed.	2.800	2	1.400	3	9.297	3
Galaxia			1.860	2		
Ophiusa (vídeos)					7.900	2
Grupo Anaya			1.400	4	11.652	14
Ir Indo Ed.	300	1			17.171	8
Ed. do Castro					1.250	1
Magisterio Esp.			2.940	8		
Nigra Imaxe					400	1
Santillana	1.200	2				
Sementeira Ed.	300	1				
Sem. Perm. Paz-CXTG			585	1		
Sotelo Blanco Ed.	500	1	2.000	2	12.000	3
Tórculo Ed.			813	2		
Toxosoutos					1.516	2
Via Láctea			1.400	2	880	1
Vincens Vives			2.000	2		
Unipro Ed.					566	1
Total Empresas=36	16.655.000	20	31.513.000	43	171.567.000	119

A temática dos orixinais didácticos axudados é ampla e diversa, se ben sobrancean aqueles ligados á lingua e á literatura galegas, ciencias sociais e coñecemento do medio e ciencias da natureza, en particular.

3.4.5. Recursos técnicos ó servizo da Dirección Xeral de Política Lingüística no Ensino.

Alén dos propios recursos humanos e técnicos existentes a escala central na propia Dirección Xeral, na actualidade existen as seguintes estruturas:

* Inspectores de Lingua Galega.

— Un inspector en cada provincia para o Ensino Básico.

— Un inspector para o Bacharelato

— Un inspector para a Formación Profesional.

* Catro Gabinetes de Normalización Lingüística, un en cada provincia, cunha dotación de dúas ou tres persoas en cada caso.

* Asesores técnico-pedagóxicos.

Un dos membros dos CEFOCOPs en cada centro, cun total de sete.

* Coordinadores docentes de galego: 10 distribuídos por toda Galicia.

O Consello Escolar de Galicia lamenta non dispoñer de datos actualizados e plenamente fiables da situación real do galego como lingua vehicular do ensino, e insta á Consellería de Educación a que se faga un renovado esforzo por conseguir no ensino un uso plenamente normalizado do galego.

A normalización efectiva do galego no ensino (e non se esquecen os significativos pasos dados neste sentido) está chamada a constituírse nun dos resortes más efectivos cara á superación de situacions de diglosia que segue a vivirse por parte da poboación galega.

3.4.6. Dinámicas sociais a prol da normalización do galego no ensino.

Os procesos de normalización lingüística no ensino tiveron firmes valedores nos últimos vinte anos, en particular entre diversos sectores profesionais docentes. Ó seu abeiro foron nacendo importantes iniciativas de animación social, cultural e pedagóxicas, desde algunas plataformas estables ó servizo da normalización, ata grupos culturais e editoriais, ou mesmo algúns dos grupos de renovación pedagóxica.

No camiño habería que recordar a importante mobilización social de milleiros de persoas que se deron cita en Compostela na primavera de 1988 en defensa do galego no ensino.

Consciente a Administración do interese das dinámicas sociais ás que nos referimos, ten aberto ó respecto vías de apoio económico, que rexistraron unha evolución positiva, como reflicte a táboa VII.17.

TÁBOA VII.17

**AXUDAS A ENTIDADES PARA ACCIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO
(EN MILES DE PTS.)**

ENTIDADES	1991	1992	1993
Colectivo de Ensinantes do Condado	25		
CC OO de Ferrol	150		
Seminario Perm. Educ. Paz-CXTG	870	150	1.500
ASPG	300		300
UTEG/ INTG	300	300	720
SGTE	300		
UNED (A Coruña, Pontevedra Xornadas de Normalización e PEC)		1.000	
Asoc. Ensinantes de Ciencias de Galicia			200
UXT		100	340
Grupo 90 de Educ. Adultos			990
Col. Mestres "Ollo de Sapo"			949
"Escola e Sociedade" da Coruña			900
Escola Viva (Rev. Ensino)			1.149
Asoc. "Escola para todos" (Congreso sobre o ensino)			1.323
Instituto Gal. de Socio-Pedagoxía			1.500
Nova Escola Galega1			1.000
TOTAL	2.045	1.550	10.871